

ai

TEATRO

TEATRO DEL BARRIO

PRESENTA "EMILIA"
EN NARÓN

TEATRO

CHÉVERE

TRAE A NARÓN
"ANATOMÍA DUNHA
SERA"

Exemplar gratuito • Foto: Javier Camporhón



Funamviolistas

NO TEATRO JOFRE

Marián Bañobre

Nada do feito teatral lle resulta alleo Marián Bañobre, unha artista nacida de xeito natural para a escena que o día 21 podería engadir tres novos premios María Casares aos que xa ten. Un novo recoñecemento á calidade desta intérprete responsable con Santiago Cortegoso da compañía Ibuprofeno Teatro.

TEXTOS: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

AÍ. Como foi a túa historia profesional?

MB. De pequena levábanme ao Urimare en Narón e afeccioneime. Xa no instituto Sofía Casanova montamos a compañía Almas Perdidas e nos daba clases xente de Carozza Teatro como José Prieto e Carlos Mos. Daquela participei nun curso de interpretación que dera o concello de Ferrol co gran Andrés Pazos. Grazas a aquilo podiamos ir ver obras ao Jofre e do CDG. Na Coruña, onde fixen Socioloxía, estudei teatro con Manuel Lourenzo en Casahamlet, mestre que me deu a primeira oportunidade no mundo profesional.

AÍ. Vés dunha familia afeccionada ao teatro empezando polo teu tío, Luís Ramos.

MB. Si, aínda que nunca traballei con el! Na miña casa todos son artistas, aínda que para tranquilizar a miña nai fun estudando, pero neses anos de mocidade e formación sempre me busquei a vida para compaxinalo co teatro.

AÍ. Pareceche que estás recoñecida só no xénero da comedia?

MB. Ser ou non ser. Se hai algo que creo que son é pallasa. Fixen e din talleres de clown e gústame ese xogo co fracaso. Co tempo os papeis son de comedia pero con elementos máis dramáticos como no caso das obras de Ibuprofeno.

14 obras. Pero veu este desastre e remataron moitos espectáculos de grande formato, todo se reduciu. Houbo moito parón e un día Santiago díxome que me parecía a Woody Allen. Tirando de aí fixemos o monólogo “A filla de Woody Allen” e de aí nos chamaron de Allariz e a cousa arrincou dun

“NAS SERIES AS ACTRICES VIVIMOS BAIXO ESTEREOTIPOS”

De todos modos traballo no que quero, grazas á nosa compañía, e me sinto libre.

AÍ. Falas de Ibuprofeno, a compañía que tes con Santiago Cortegoso. Que valor nestes tempos montar algo así, non?

MB. Foi pola crise. Eu traballei con todo o mundo e sempre foi moi enriquecedor. Pero chegou a crise e foi terrible para o noso teatro. Eu podo dicirche que na boa época podería ter traballado á vez en

xeito natural. Así que as crises tamén poden ser oportunidades para a creatividade.

AÍ. E iso de ter unha compañía matrimonial?

MB. A min non me chiscaba a idea. Xa fixera algo coa miña amiga Isabel Risco, incluso actuamos en Londres, e o tema empresarial mete medo e queima moito. Pero o traballo compensa e o tema administrativo agora o levan outros.

“NA MIÑA CASA TODOS SOMOS ARTISTAS, PERO ESTUDEI PARA TRANQUILIZAR Á MIÑA NAI”

“SER FINALISTAS NOS PREMIOS MAX É UNHA PROEZA”

“FERROL TEN MOITAS COUSAS VÁLIDAS, FERMOAS E INTERESANTES”

Aí. Estadades nominados non só aos María Casares, e ti ademais polo traballo en “Invisibles” de Redrun, senón tamén a nivel de toda España nos premios Max.

MB. Si, nos María Casares imos con “Casa O’Rei”, onde volvo estar nominada como actriz secundaria, e ademais estou pola dirección e adaptación por “Invisibles”. Eu prefiro actuar pero me propuxeron dirixir a Redrum Teatro e como son así de inconsciente aceptei. E o dos premios é relativo, pero que a

unha a nominen debe falar de que ten amigos nesta profesión! Logo están os Max en maio. Aí xa estiveramos de finalistas con “Raclette” e agora volvemos con “Casa O’Rei”, toda unha proeza porque escollen 19 finalistas entre 360 espectáculos en todas as linguas de España.

Aí. Pouco se che ve ultimamente no audiovisual, non?

MB. É certo, pero teño que dicir que despois de traballar en series e programas tiven dous

fillos e a partir de aí “desaparecín”. Debo ter un perfil complicado pero para unha muller actuar a partir de certa idade é difícil. Nas series as mulleres estamos moi estereotipadas, non se corresponde coa realidade. Tampouco quero dar a sensación de choromicas, pero me fastidia a falta de continuidade, non darlle collido o truco ao audiovisual, vaia.

Aí O mes pasado presentastes “Casa O’Rei” no Pazo da cultura de Narón e neste mes regresas por partida dobre a esta a túa terra.

MB. É certo. O día 7 deste mes estarei no Pazo da Cultura nunha mesa redonda sobre a creación de espectáculos unipersoais, con Flor Maceiras, María Barcala, Mercedes Castro e Xesús Ron. Logo, o día 13 ás 19.00 horas andarei no Torrente Ballester de Ferrol na presentación do audiovisual municipal “Ferrol en Lila Mola”, no que participei falando da miña experiencia profesional como muller.

Aí. A túa foto de Whatsapp deixa clara a túa procedencia. Saes nunha parede co logotipo de “Ferrol mola”.

MB. Pois a pintada estaba en Porto e non me puideren resistir. Eu era a típica ferrolá que renegaba disto, que Ferrol non valía para nada e todo iso. Se iso fose certo, os responsables seríamos nós mesmos, pero é mentira. Ferrol ten moitas cousas válidas e fermosas, e non hai vez que veña que non redescubra algo interesante da miña cidade.



PROGRAMACIÓN 2019



MARZO

S 09	20:00 h	TEATRO	TETRO DEL BARRIO	Los días de la nieve
D 10	19:00 h	TEATRO	FREDDY GINEBRA	Un sueño, una casa, medio siglo y muchas historias
V 15	20:30 h	TEATRO	A QUINTA DO CUADRANTE	O empapelado amarelo
S 16	20:00 h	TEATRO	TEATRO PETRA	Yo no estoy loca
D 17	18:00 h	INFANTIL	TANXARINA TÍTERES	Titiricircus
V 22	20:30 h	TEATRO	TEATRO DEL BARRIO	Emilia
S 23	20:00 h	TEATRO	FÉLIX ALBO	Tanatorium
V 29	20:30 h	TEATRO	GRUPO CHÉVERE	Anatomía dunha serea
S 30	20:00 h	DANZA CONTEMPORÁNEA	FRAN SIEIRA COMPAÑÍA	Entresóns
D 31	18:00 h	INFANTIL	OS MONICREQUES DE KUKAS	Arlequina



PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

02 sábado

20.30 H

PABLO MILANÉS

Música

AUDITORIO (FERROL)

ENTRADAS ESGOTADAS



**TRAS RECIBIR O PREMIO GRAMMY
Á EXCELENCIA MUSICAL, O ARTISTA
CUBANO EMBARCOUSE NUNHA XIRA,
ESENCIA, QUE O ESTÁ A LEVAR POR
ESCENARIOS DE TODO O MUNDO.**

Para vivir, ya ves, Yolanda, Si ella me faltara alguna vez... son só algúns dos temas que soarán no auditorio baixo a voz de Pablo Milanés, un dos principais expoñentes da canción de autor en español. Inmerso na xira *Esencia*, Pablo recupera temas esenciais da súa traxectoria profesional e xúntaos con outros máis recentes, mostrando así a súa excepcional capacidade creativa.

Artista versátil, é quen de interpretar maxistralmente dende boleros ata jazz, pasando pola rumba e o son, sen esquecer a súa trova. Pablo Milanés segue cantando ao amor e segue compoñendo temas de contido social como ven facendo dende hai máis de cincuenta anos. Chega ao Auditorio de Ferrol acompañado de Ivone Téllez, ao piano; e Caridad R. Varona, ao violonchelo; e con todas as entradas vendidas.

01 venres

21.00 H

NOVA GALEGA DE DANZA

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €



A compañía de danza presenta o seu espectáculo *Son*, unha historia que mostra o peculiar universo da creación dende a visión dun artista.

A linguaxe coreográfica usada para o espectáculo mistura estilos diferentes, dende a danza tradicional galega ata o flamenco, pasando pola danza española e contemporánea.

01 venres

22.00 h

GUADALUPE PLATA

Música

SALA SÚPER 8 (FERROL)

10 €

O trío de Úbeda presentar *Guadalupe Plata 2018*, un disco co que tratan de sacar os sons máis puros, sen intermediarios.

Xa pasaron doce anos dende que esta banda underground desembarcara nos escenarios co seu primeiro EP homónimo (titulado como todos os seguintes). Agora, convertidos xa en internacionais, seguen a mostrar o seu peculiar estilo de fusión entre blues, rock, jazz, psicodelia e incluso flamenco.

Este último álbum, o quinto na súa traxectoria, propón un son moi natural, cun baixo principal, unha batería con poucos micros e unha guitarra tan só conectada a un amplificador.

03 domingo

12.00 h

BANDA FERROLÁ

Música

AUDITORIO (FERROL)

DE BALDE

Encontro coa historia é o título co que a agrupación municipal deleitará ao público interpretando pezas simbólicas de momentos cumio da historia moderna.

Baixo a batuta de Narciso Pillo, a Banda Ferrolá de Música inaugurou o mes pasado un novo ciclo de concertos, que terán como escenario o Auditorio e se celebrarán ata o 9 de xuño.

As entradas son de balde e hai que recollelas previamente á celebración do concerto na billeteira do Teatro Jofre.

09 sábado

22.00 H

TEXXCOCO

Música

SALA SÚPER 8 (FERROL)

6 €



A banda canaria de rock alternativo, con influencias do noise, o punk, o post-punk e o garage, presenta en Ferrol *Disorder*, o seu último traballo discográfico.

Levan tan só un par de anos xuntos, pero este rebelde cuarteto está a gañarse o beneplácito da crítica e o público. Tras estrear un EP, *Blu*; e un LP breve, *Psychonaut*, publicaron hai preto dun ano *Disorder*, unha mistura de garage aderezado coa escuridade propia do post punk e con toques noise.

09 sábado

21.00 H

BLADE RUNNER

Cineconcerto

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



NOVA ENTREGA DOS CINECONCERTOS, ESTA VEZ COA PROXECCIÓN DA PELÍCULA *BLADE RUNNER*, DE RIDLEY SCOTT, E A MÚSICA DE SEWARD.

Ridley Scott dirixiu este clásico da ciencia ficción que se estreou en 1983 e que está baseado na novela de Philip K. Dick *¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?* Protagonizada por Harrison Ford, Rutger Hauer, Sean Young, Daryl Hannah, Edward James Olmos e Joe Turkel narra a historia dun axente de policía que ten que dar caza a catro androides, cunha intelixencia superior á dos humanos, que fuxiron dunha colonia espacial e chegaron á Terra con intencións descoñecidas. *Blade runner* está ambientada nunha decadente cidade dos Ángeles a finais de 2019.

O grupo barcelonés Seward aporta unha visión sonora diferente a este película, poñéndolle o selo da súa música, de excitantes directos en busca dos límites do rock. Transitando moi lonxe do convencional, o cuarteto catalán nítrese do pop, o free jazz, o folk, o blues e o el post-rock, sen que ningún deses estilos estea claramente reflectido nos seus sons.

09 sábado

20.00 H

OS DÍAS DA NEVE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



**A ACTRIZ ROSARIO PARDO É JOSEFINA MANRESA,
VIÚVA DE MIGUEL HERNÁNDEZ, UNHA COSTUREIRA
QUE ESTÁ A PIQUES DE REMATAR O SEU DERRADEIRO
TRABALLO: UN TRAXE AZUL DE MAR.**

Escrita por Alberto Conejero e dirixida por Chema del Barco, *Los días de la nieve* fala sobre a fortaleza feminina, a memoria histórica, o sufrimento pero tamén a beleza. Pardo interpreta maxistralmente a unha costureira que, a piques de rematar un vestido, conta á persoa que llo encargou, entre puntada e puntada, a súa vida. Lembranzas de poesía, de amor e de días de tormento. Unha paixón histórica que morreu no cárcere, un pai fusilado na guerra e unha garganta que garda moitos segredos. Pero, quen agarda ese derradeiro vestido?

10 domingo

19.00 H

UN SOÑO, UNHA CASA, MEDIO SÉCULO E MOITAS HISTORIAS

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



Obra dirixida por Freddy Ginebra que narra a historia da fundación dunha casa de teatro, poesía, danza, fotografía e música.

Un sueño, una casa, medio siglo y muchas historias retrotráese a unha época difícil en Santo Domingo, en plena ditadura, na que pensar diferente pagábase ata coa vida.

Freddy Ginebra conta, con intelixencia e humor, os avatares para manter a flote esa institución sen ánimo de lucro.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 881 951 670 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es


www.clefmusic.es

13 mércores **20.30 H**

A MÚSICA DO TITANIC

Música

TEATRO JOFRE (FERROL) 7/13/15 €



Os solistas da Orquestra de Cámara Andrés Segovia interpretan unha selección dos temas que soaron no *Titanic*.

Tan só catro días estivo navegando o *Titanic*, días nos que unha orquestra amenizou cada noite cunha selección de música que ía desde vales e ragtimes ata operetas. A Orquestra de Cámara Andrés Segovia recupera algúns deses temas, interpretándoos cun piano, un cuarteto de corda (violín, viola, violonchelo e contrabaixo) e un acordeón.

15 venres **20.30 H**

O EMPAPELADO AMARELO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



A COMPAÑÍA A QUINTA DO CUADRANTE PON EN VALOR NESTA OBRA O PAPEL DAS MULLERES COMO CREADORAS AO LONGO DA HISTORIA.

O empapelado amarelo é un espectáculo baseado no relato autobiográfico homónimo publicado no século XIX pola autora norteamericana Charlotte Perkins Gilman, un referente feminista de grande importancia na historia da literatura universal. Dirixida por Tito Asorey, a obra está protagonizada por Melania Cruz, quen comparte escenario con Laura Iturralde, Renata Uzal, Lucía Estévez e o propio Tito Asorey.

Actos do Concello de Mugardos polo 8M



7M: Inauguración da exposición "**A NOSA HISTORIA**", ás 12:00 h no CEIP Unión Mugardesa.

8M: Concentración diante do Concello, ás 12:00 h co lema "**Por todas as mulleres, por todos os dereitos, revolta feminista!**"

10M: Espectáculo de **música e danza** da compañía **AF Ndanza, de Uganda**, no marco do proxecto "**Música para salvar vidas**". No Casino Mugardés, ás 19:00 horas.

15M: Entrega de premios do certame literario escolar "**Figuras ocultas**" ás 19:30 horas. Encontro coa escritora **Rosa Montero**, no Casino Mugardés ás 20:30 horas.



22 *venres*

20.30 H

EMILIA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



PILAR GÓMEZ REPRESENTA A EMILIA

PARDO BAZÁN, UNHA MULLER

LOITADORA E MOLESTA NUNHA

SOCIEDADE NA QUE AS DONAS NON

TIÑAN ESPAZO NA VIDA PÚBLICA.

A nova obra de Teatro del Barrio –dirixida por Anna R. Costa e con textos de Noelia Adáñez– é unha mestura de alegato e biografía no que Emilia Pardo Bazán despáchase a gusto contra a sociedade que quixo encorsetala. O punto de partida é unha imaxinaria irrupción da autora de *Los pazos de Ulloa* na Real Academia Española, despois de que se lle fora rexeitada a entrada. Por aquel entón era menosprezada por algúns académicos como Valera, Clarín ou Zorrilla, que chegou dicir que as mulleres que escriben “son un erro da natureza”.

En *Emilia* –maxistralmente interpretada pola actriz onubense Pilar Gómez– sobresa a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente descarada e divertida.

A obra está baseada en escritos reais e reflexións da propia Emilia e na correspondencia que mantiña con Benito Pérez Galdós.

Emilia é a primeira obra da triloxía *Mulleres que se atreven*, coa que Teatro del Barrio levará aos escenarios as vidas de María Teresa León e Eva Forest.

16 *sábado*

20.30 H

EU NON ESTOU TOLA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



Marcela Valencia interpreta a unha muller que se sae do convencional nunha sociedade na que o común é calar, soportar, sufrir en silencio...

A compañía colombiana Teatro Petra chega a Narón para representar *Yo no estoy loca*, unha obra escrita e dirixida polo dramaturgo Fabio Rubiano. Narra a historia dunha muller que ao chegar á casa atopa ao seu marido cunha amante. Lonxe de enfadarse, decide preparar unha cea para os tres. Esta decisión fará que todo o seu contorno a xulgue e a tilde de tola.

15 *venres*

20.30 H

ENCANTO CON ROSA MONTERO

Libros

CASINO MUGARDÉS (MUGARDOS)

A escritora e periodista Rosa Montero, co seu novo libro baixo o brazo (*Los tiempos del odio*) manterá un encontro coa tamén periodista Susana Pedreira para falar en público da súa obra literaria e periodística e da súa traxectoria vital.

Premio Nacional de Las Letras 2017, Montero é unha das autoras máis salientables da literatura española, con obra traducida a máis de vinte idiomas. Colaboradora de *El País*, a súa última novela é unha obra de acción trepidante.

23 sábado

20.00 H

TANATORIUM

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



O insólito Félix Albo mistura o humor e a tenrura cara a morte nunha obra que fala do fin da vida dende unha perspectiva cómica e chea de emocións.

Un home entra nun tanatorio xusto no momento en que se vai a luz. A escuridade, o silencio, a humidade que se respira na estancia desencadean un soliloquio co que o actor Félix Albo percorre trazos de distintas vidas ata chegar á súa propia. O resultado é un espectáculo tallante, sólido, conmovedor e terriblemente divertido.

29 venres

20.30 H

ANATOMÍA DUNHA SEREA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €

Peza de teatro documental construída a partir da experiencia dunha muller no parto do seu primeiro fillo.

A actriz Iria Pinheiro conta en Anatomía dunha serea a súa experiencia persoal, extensible a moitas mulleres, que leva no seu corpo a pegada da violencia obstétrica sufrida durante o embarazo e o parto. Pinheiro narra esta historia dun xeito directo e sobre todo autocrítico.

23 sábado

21.00 H

CONTRAESCENA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



**NOVO ESPECTÁCULO DE
FUNAMVIOLISTAS, NA QUE AS
TRES MÚSICAS REVÉLANNOS OS
SEGREDOS QUE ACONTECEN ENTRE
BASTIDORES.**

Levan seis anos subíndose a escenarios de todo o mundo e, xa dende os seus inicios, empezaron a recoller galardóns pola calidade dos seus espectáculos. O primeiro recoñecemento público chegou un mes despois de estrear a súa primeira obra: o Talent Madrid ao mellor espectáculo musical. Despois acadaron o Premio ao mellor Espectáculo de Sala na Feira de Teatro de Castilla y León, e o Max das Artes Escénica; en Andalucía recolleron o Premio da Asociación de Artes Escénicas; e, en Bos Aires, o premio Teatros do Mundo e o Florencio Sánchez. Agora presentan novo espectáculo, *ContraEscena*, no que Ana Hernández (violín), Mayte Olmedilla (viola) e Lila Horovitz (contrabaixo) revélanos os segredos do que sucede entre bastidores, as intimidades de tres artistas itinerantes presentando un show de teatro musical.

30 sábado

20.00 H

ENTRESOÑOS

Danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



TRES BAILADORES DANZAN AO SON DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA DO COMPOSITOR ANXO PINTOS. REPRESENTAN UN SOÑO RECORRENTE QUE TALVEZ NON DEIXARÁ NUNCA DE SELO.

A compañía de danza Fran Sieiro pon en escena este innovador espectáculo, que combina música cunha importante carga teatral a través da danza galega como único mecanismo de expresión. Sieiro comparte escenario con Aida Tarrío e Xisco Feijóo, que compaxinan a súa labor de bailaríns coa de cantantes de música tradicional.

30 sábado

16.30/19.00 H

CANTAJUEGO: SUPERÉXITOS

Infantil

AUDITORIO (FERROL)

18 €

O coñecido grupo infantil celebra o seu décimo quinto aniversario e faino coa xira Superéxitos, na que recupera moitos dos temas que os fixeron famosos.

Cantar, bailar e gozar en familia e o obxectivo que o grupo EnCanto leva perseguindo dende hai máis dunha década. Cada concerto convértese así nunha viaxe a través dos temas dun cancionero inesquecible que os nenos memorizan facilmente. Estarán acompañados por Coco, Pepe e Buby entre outros personaxes que encherán o escenario do Auditorio de Ferrol.

31 domingo

18.00 H

ARLEQUINA

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



Espectáculo que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de marionetas; e a maxia, coa música en directo.

Os Monicreques de Kukas regresan á escena teatral cunha obra pensada para todos os públicos na que unha marioneta chamada Arlequina inicia unha viaxe moi especial. Nesta divertida, misteriosa e trepidante aventura, Arlequina tratará de atopar a súa identidade. Para conseguir este complexo obxectivo contará coa axuda de Machelino, un vello e estafalario titiritero.

A obra está dirixida por Isabel Rey e Marcelino de Santiago (Kukas). Ambos iniciaron en 1979 un proxecto para crear unha compañía de teatro de marionetas que, a día de hoxe, é a máis antiga de Galicia. O seu traballo céntrase fundamentalmente na investigación e creación de novos prototipos de marionetas, que lles permiten realizar espectáculos de gran calidade artística.

NARÓN GASTRONÓMICO

concurso de tapas entroido 2019



**Recorta e participa no entroido!*

Do 28 de febreiro ao 6 de marzo

Concurso gastronómico de **degustación gratuita de tapas** doces e salgadas elaboradas con produtos do Entroido polos establecementos de hostalería de Narón adheridos ao Programa Narón Gastronómico.

Suculentos premios para establecementos [mellor "Tapa Creativa" e mellor "Tapa Entroido"].

Os clientes participarán no **sorteo de 5 ceas para dúas persoas** nos locais adheridos só por cumprimentar os boletos "Entroido 2019".

LOCAIS ADHERIDOS: Australian | Nueva Orleans | El Colonial | Mamá Flora | Indalo | Romero II | Parrillada do Couto | Casa Sindo | Gastrobar Piñeiros | O Pío | Silver 200 Monjes | La Barra de Oro | O Paseo | La Factoría | Ronsel II | 3 Pés | Café Bar España | Romero I | Conxuro | La Roldana | A Trasanquesa.



**Concello
de Narón**



clubnarongastronomico.naron.gal



www.facebook.com/NaronGastronomico



AUTOBIOGRAFÍA COLECTIVA

Antes de perdermos a memoria

Calquera libro de memorias aporta un valor engadido cando o principal implicado non é só o relator senón a comunidade á que se dirixe, cando a peripecia persoal ilustra a un colectivo e axuda a entender unha época.

ALFONSO TELLADO SANDE | EDICIÓNS EMBORA | 256 PÁX. | **15 €**

Esta premisa cumprea esta incursión na escrita de Alfonso Tellado, extraballador dos estaleiros ferroláns, loitador pola democracia, militante nacionalista e bastantes cousas máis para tratar de mellorar a vida colectiva de quen o rodeaba. Unhas memorias que explican o que significaban os estaleiros da entón Bazán para Ferrol, que lembra desde a entrada neles como aprendiz a comezos dos anos 60 ata a súa difícil situación ben entrado o século XXI: a loita sindical a través da ditadura franquista, o desastre do ano 72 e as súas consecuencias, o eido do traballo desde varios ángulos ... un mundo laboral, en definitiva, no que pelexou unha xeración para formar uns dereitos agora esnaquizados. Esta xeración verá este testemuño como o neolítico, a próxima, como o paleolítico. Ilustra Tellado a loita polas melloras sociais, desde as sexuais ata a psiquiátricas, os intentos de mellorar a comarca de Ferrol e os atrancos nese camiño, ás veces desde dentro. Un traballo necesario e un libro universal desde o local.

NOVELA

SIGO AQUÍ

MAGGIE O'FARRELL | LIBROS DEL ASTEROIDE | 272 PÁX. | **19,95 €**

Tralo éxito de “La primera mano que sostuvo la mía” ou “Tiene que ser aquí”, a escritora norirlandesa Maggie O'Farrell regresa cun persoal libro de memorias no que lembra dezasete ocasións nas que viviu experiencias próximas á morte que definiron a súa vida: unha dura enfermidade, un devezo adolescente por fuxir que a piques remata en desastre, un encontro cun perturbado ... Aquí, O'Farrell ensarilla acontecementos para narrar a historia da súa vida, e ilumina o precioso e importante: a beleza e os misterios auténticos da nosa existencia.

TRABALINGUAS

NON TRABES NA LINGUA

ANTÓN CORTIZAS AMADO | GALAXIA | 116 PÁXINAS | **12 €**

Fascinado pola súa lingua e polas posibilidades lúdicas do idioma, o profesor e novelista Antón Cortizas propón un percorrido interxeracional cara moitos dos tesouros verbais que o noso idioma ofrece. Neste caso, coas estupendas ilustracións de Pepa Prieto, Cortizas fai o traballo de reunir preto de oitenta trabalinguas, moitos deles con referencia súa orixe, cheos dun humor apto para pequenos e grandes. Un traballo de amor que amosa as posibilidades expresivas do idioma galego óptimo para xogar con el e converterse en fonte de ledicia expresiva.

DELICIAS SONORAS


VV.AA. 25 AÑOS DE FLOR DE PASIÓN


Hai apenas uns días remataba para sempre o programa radiofónico “Flor de pasión”, despois de 40 anos, 34 dos cales o foron en Radio 3. O entrañable Juan de Pablos xubiláase e deixa un pouco orfos a quen medramos cun gusto musical moldeado polo seu erudito coñecemento da historia da música pop. Un programa único no que o locutor facía extensiva a súa propia vida persoal aos ouvintes a través dos seus mutantes estados de ánimo. Un programa que partindo da música dos anos 50 e 60, e de bandas indie actuais, podía ser todo un espello da vida. Con este motivo lembramos o disco que en 2004 editou Subterfuge co 25 aniversario do programa e que aínda pode atoparse. Figuran desde a súa sintonías de apertura (a versión do “Attends Ou Va-t’en” de Paul Mauriat) aínda que non a de despedida, o “Azzurro” versionado por Celentano, a bandas e artistas como Left Banke, Hollies, Beach Boys, e por suposto Gainsbourg ou Françoise Hardy sen faltar Vainica Doble, Bruno Lomas ou Alaska y los Pegamoides. Un consolo, pero moito imos botar de menos a este tipo singular.


SES: RABIA AO SILENCIO

Hai uns meses Iván Ferreiro publicada “Cena recalentada” o seu traballo de homenaxe ás cancións de Golpes Bajos no que deixaba aparcada a súa voz propia para adaptala a un cancionero alleo. O exemplo venenos ao maxín agora que Ses edita “Rabia ao silencio” partindo dun tema de Yupanqui, cons adaptacións de pezas como o célebre “Seré curiosa” de Benedetti, e de Carlos Puebla, Víctor Jara, Mercedes Sosa, Zeca Afonso e outros. Ses proponnos un traballo acústico, máis íntimo e directo cancións adaptadas á nosa lingua que foron, no seu momento, semente ou crónica dos grandes movementos sociais do século XX, e que exemplifican, imaxinamos que por aí lle interesou a Ses o asunto, a compoñente solidaria. Un disco de clásicos que non deixa de ser versións despois de que o anterior traballo de Ses fose unha readaptación do primeiro. Fóra de temas puntuais aos que sempre se lle pode aportar algo, unha artista do nivel de Ses debería amosar a súa personalidade sen repetirse ou repetir a outros porque pode facelo e ademais moi ben. Ímolo ver o 19 de maio no teatro Jofre.


THE LONG RYDERS PSYCHEDELIC COUNTRY SOUL

Aínda que tiveran un certo éxito en España a finais dos 80 dentro de aquel movemento aquí chamado Novo Rock Americano (nos USA era Paisley Underground), The Long Ryders foi un grupo que non tivo o inmenso prestixio do que anos despois gozaron The Jayhawks, con quen estaban conectados, ou Wilco. Porén, nós sempre os tivemos no noso corazón e nunca esquecimos unha chea de temas que ían de punk aos Byrds, de Gram Parsons a Neil Young e discos tan fantásticos como “10-50-60”, “Native songs” ou “State of our unión”. Por iso marabilla que trinta anos despois do seu último traballo editen este estupendo “Psychedelic country soul”, agás pola falta dalgún claro hit en conxunto tan compensado como os seus mellores discos. Coa formación orixinal, Sid Griffin toma o mando e xuntos se marcan uns pedazos de cortes como “Greenville”, “Let it fly”, “Gonna make it real”, “What the Eagle sees”, “California state line”, a versión do “Walls” de Tom Petty ou a peza que nomea o disco, “Psychedelic country soul”. Un espléndido e xustificado regreso.



GUILLERMO LLORCA
Ferroláns



ELGA FERNÁNDEZ
Baixo as mesmas nubes

ee edicións embora
www.edicionsembora.es


UN LIBRO É UN AGASALLO QUE PODES ABRIR UNHA E OUTRA VEZ!



ALFONSO TELLADO
Antes de perdermos a memoria



XESÚS CONSTELA
Lisa deitada



ANTONIO MANUEL FRAGA
A virxe das areas

Fotografía e pintura

PICTOGRAFÍAS: EDUARDO HERMIDA

DO 8/03 AO 27/04/2019

MUSEO DO HUMOR (FENE)



DE LUNES A VIERNES: DE 10.00 A 13.00 HORAS E DE 16.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS: DE 10.00 A 13.00 H.

Eduardo Hermida inaugura o día 8 (20.00 horas) no Museo do Humor a súa mostra enmarcada no pictorialismo, unha corrente artística pos-impresionista, que mistura pintura abstracta e fotografía. Para conseguilo, o artista manipula as fotos en busca da maior beleza, relegando a un segundo posto a pureza das instantáneas. Os temas representados en cada obra serven de vehículo a Hermida para expresar tamén as súas emocións, a súa interpretación creativa e o seu dominio da técnica.

Hermida procura un diálogo entre a pintura matérica e a fotografía, unha conclusión á que chega despois de camiñar na linguaxe do Pop Art durante os últimos 25 anos.

Agora quere mostrar o sentimento de ir en contra do tradicional, por iso somerxese neste movemento que da plena liberdade ao artista.

Fotografía

TERRAS DE SALITRE: CRISTINA MITTERMEIER

ATA O 04/05/19

FUNDACIÓN ABANCA (FERROL)



LUNS A VENRES: DE 17.00 A 21.00 H

SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS: DE 11.00 A 14.00 E DE 17.00 A 21.00 H.

Cristina Mittermeier, a gran fotógrafa dos océanos, inaugura esta exposición na que mostra increíbles imaxes dos lugares que percorreu nos últimos anos. Son fascinantes paraxes que van dende a Columbia Británica en Canadá, ata Hawai, India ou Madagascar; pero tamén Galicia, onde conviviu con mariscadoras, redeiras e percebeiras. A súa paixón pola mar é o fio condutor deste traballo; e a fotografía, a ferramenta coa que busca defendela. Baixo o título de *Terras de salitre* escóndese a xente e o mar de diferentes culturas, nunha unión indisoluble e perfecta.

Cristina Goettsch Mittermeier é unha bióloga mariña que traballa como escritora, conservacionista e fotógrafa. Graduouse na Universidade ITESM en México como enxeñeira bioquímica en Ciencias do Mar e, posteriormente, formouse no programa de Belas Artes no Corcoran College for the Arts de Washington. É unha artista que reivindica un mar máis digno, para o que creou a plataforma SeaLegacy polo coidado dos océanos, unha organización que denuncia, informa e contribúe con campañas para defender pequenas zonas costeiras.

ai

Nº 129 | Ano XI

Edita:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Director:

Miguel Toval

Deseño/maqueta:

Jose A. Farinós

Redacción e colaboradores:

Carmela Mor
Bea Rodríguez
Nicolás Vidal
Anxo F. Couceiro

Director comercial:

Guillermo Álvarez
T 653 483 637
ogandocomercial@gmail.com

Depósito legal:

C 4370-2007

Administración

Rúa Galiano, 63 - 1º
15402 FERROL
T 981 35 53 53
F 981 35 18 99

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

Marzo

01venres

INFANTIL

18.00 h Biblioteca Municipal. Ferrol.

A HORA DO CONTO: TRINKE-TRINKE



DANZA

21.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

NOVA GALEGA DE DANZA: SON

MÚSICA

22.00 h Sala Súper 8. Ferrol.

GUADALUPE PLATA

02sábado

MÚSICA

13.00 h Café Cultural Mattés. Ferrol.

MANUELE CAAMAGNO

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

PABLO MILANÉS



MÚSICA

22.00 h Sala Súper 8. ferrol.

FEED THE PET + BULE + CABOVERDE

03domingo

MÚSICA

12.00 h Auditorio. Ferrol.

BANDA FERROLÁ DE MÚSICA

07xores

CINE EN VOS

18.00 h Cines Súplex. Ferrol.

MONSTRUOS SA



08venres

MÚSICA

21.30 h Sala Súper 8. Ferrol.

CARNIVAL VIBES

09sábado

VISITA GUIADA

11.00/13.00/18.00/19.00 h
Centro de Interpretación de Caldoval. Mugardos.

A MULLER E OS BAÑOS ROMANOS

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LOS DÍAS DE LA NIEVE

CINECONCERTO

21.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

BLADE RUNNER, CON SEWARD



MÚSICA

22.00 h Sala Súper 8. Ferrol.

TEXCOCO

MUSICA

22.30 h. Fundación Artábria. Ferrol.

NAO



10domingo

MÚSICA E DANZA

19.00 h. Casino Mugardés. Mugardos.

AF NDANZA, DE UGANDA

TEATRO

19.00 h Pazo da Cultura. Narón.

UN SUEÑO, UNA CASA, MEDIO SIGLO Y MUCHAS HISTORIA

13mércores

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

SOLISTAS ORQUESTRA DE CÁMARA ANDRÉS SEGOVIA: A MÚSICA QUE SE ESCOITABA NO TITANIC.

14xores

CINE EN VOS

18.00 h Cines Súplex. Ferrol.

WALL-E

15venres

PRESENTACIÓN LIBROS

20.00 h Biblioteca Municipal. Ares.

O SOÑO DA SERPE, DE ANTONIO SEIJAS

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

O EMPAPELADO AMARELO

CONFERENCIA

20.30 h Casino Mugardés. Mugardos.

ROSA MONTERO



MÚSICA

22.30 h. Fundación Artábria. Ferrol.

JAMIE FITHRING + WINNIE

16sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

YO NO ESTOY LOCA

MÚSICA

22.00 h Sala Súper 8. Ferrol.


BÖJ

17domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

TITIRICIRCUS



18luns

CONFERENCIA

18.00 h Biblioteca Municipal. Ares.

IMAGEN PROFESIONAL Y DISCRIMINACIÓN COTIDIANA: UNA VISIÓN JURISPRUDENCIAL

19martes

MÚSICA

18.00 h Auditorio. Valdoviño.

VUDU

21xores

CINE EN VOS

18.00 h Cines Súplex. Ferrol.

RATATOUILLE

22venres

OBRADOIRO

16.00 h Casa da Cultura. Valdoviño.

DANZANDO A SONORIDADE

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

EMILIA

MÚSICA

21.30 h Sala Snuper 8. Ferrol.

RITOS DE MORTE

MUSICA

22.30 h. Fundación Artábria. Ferrol.

EZETAERRE

23sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

TANATORIUM

MÚSICA

21.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

THE FUNAMVIOLISTAS



MUSICA

22.30 h. Fundación Artábria. Ferrol.

O PUTO CORO DO EXÉRCITO FROILANISTA + DJ MARQUÉS DE VILAPODRE

24domingo

HOMENAXE

12.00 h Casa Natal de Carvalho Calero. Ferrol.

HOMENAXE A CARVALHO CALERO

28xores

CINE EN VOS

18.00 h Cines Súplex. Ferrol.

CARS

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

29venres

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

ANATOMÍA DUNHA SEREA

30sábado

INFANTIL

16.30 h Auditorio. Ferrol.

CANTAJUEGO

MÚSICA

18.00 h Biblioteca Municipal. Ares.

BANDA DE MÚSICA AC XÁBREGA

INFANTIL


19.00 h Auditorio. Ferrol.

CANTAJUEGO

DANZA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

ENTRESOÑOS



MÚSICA

21.30 h Sala Súper 8. Ferrol.

THE MANI-LAS + KURT BAKER COMBO EN FERROL

MUSICA

22.30 h. Fundación Artábria. Ferrol.

PROFUGO + LETHAL VICE

31domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

ARLEQUINA

Programa cultural

Marzo 2019

Axenda  Teatro Jofre  Auditorio de Ferrol  Capela do C.C. Torrente Ballester  C.C. Torrente Ballester  Centro Cívico Caranza



V 01	21:00 h	Danza	NOVA GALEGA DE DANZA Son
S 02	20:30 h	Concerto	CONCERTO Pablo Milanés
D 03	12:00 h	Música clásica	IV CICLO DE INVERNO-PRIMAVERA Banda Ferrolá de Música
S 09	21:00 h	Cineconcertos	SEWARD Blade Runner
Me 13	20:30 h	Música	SOLISTAS ORQUESTA DE CÁMARA "ANDRÉS SEGOVIA" La música que se escuchaba en el Titanic
X 28	20:30 h	Concerto	SOCIEDAD FILARMÓNICA FERROLANA Orquestra Sinfónica de Galicia
S 23	21:00 h	Concerto	CONTRAESCENA The Funamviolistas
S 30	16:00 h 19:00 h	Infantil	CANTAJUEGO Superéxitos Gira 2019

Información e venda de entradas: T 981 944 245 | www.ferrol.es/axendacultural | Taquilla: Teatro Jofre e Auditorio de Ferrol